

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
<b>CODIGO</b>	
<b>MATERIA</b>	PRODUCCIÓN E XESTIÓN
<b>DISCIPLINA</b>	<b>Producción e xestión</b>
<b>TITULACIÓN</b>	Grao en Arte dramática
<b>ESPECIALIDADE</b>	Interpretación
<b>CURSO</b>	4º
<b>CRÉDITOS ECTS</b>	5 ECTS
<b>CARÁCTER</b>	Formación básica
<b>DEPARTAMENTO</b>	Dirección de escena e dramaturxia
<b>CENTRO</b>	ESAD de Galicia
<b>COORDINADOR/A</b>	Xavier Castiñeira Blanco
<b>DOCENTES</b>	<b>Nome e apelidos:</b> Xavier Castiñeira Blanco <b>Horario titorías:</b> <a href="http://www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas">www.esadgalicia.com/qlg/profesorado.php?id=2&amp;tit=Titor%EDas</a> <b>Despacho:</b> S3 <b>Contacto:</b> xacabla@edu.xunta.es
<b>IDIOMA DA DOCENCIA</b>	Galego
<b>DESCRIPCIÓN</b>	Coñecementos sobre a lexislación das artes do espectáculo (normativas comerciais, administrativas, laborais e de seguridade). Valoración do traballo en función do marco socio-laboral. Coñecemento do proceso de elaboración dun proxecto de produción desde os puntos de vista comunicativo e económico. Comprensión do marco social no que se desenvolvan a creación de proxectos de xestión ou produción.
<b>COÑECEMENTOS PREVIOS</b>	Non se precisan coñecementos previos para cursar esta materia.

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
<b>T1</b>	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
<b>T2</b>	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
<b>T3</b>	Solucionar problemas e tomar decisión que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
<b>T4</b>	Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e da comunicación.
<b>T9</b>	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
<b>T10</b>	Liderar e xestionar grupos de traballo.
<b>T13</b>	Buscar a excelencia e calidade na súa actividade profesional.
<b>T15</b>	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
<b>T16</b>	Usar os medios e recursos ao seu alcance coa responsabilidade cara o patrimonio cultural e medioambiental.
<b>T17</b>	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social verbo da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e na súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACION	
<b>X3</b>	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
<b>X7</b>	Valorar a Arte Dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas que comparte obxectivos e retos.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DE ESPECIALIDADE	
<b>EI3</b>	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
<b>EI4</b>	Planificar e desenvolver programas de educación e animación teatral.
<b>EI6</b>	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1- Dotar ao alumnado de interpretación dunha panorámica sobre o sector espectacular.	T1, T2, T4, T13, T15, T16, T17, EI3, X7
2- Coñecer o marco lexislativo xeral do sector e o específico do intérprete.	T2, T4, X3, EI6
3- Adquirir coñecementos básicos sobre o funcionamento dos distintos departamentos que conforman a produción espectacular.	T9, T10, T13, X3, EI3.
4- Obter unha panorámica do sector teatral e audiovisual galego.	T16, T17, X7.
5- Entender as diferentes estratexias e ferramentas para acceder ao mercado laboral.	T2, T3, T4, T13, T15, X3, X7.
6- Aportar ao intérprete as nocións mínimas empresarias en relación ao mundo espectacular en temas como creación de empresas, lexislación básica do sector, marketing, produción e distribución.	T2, T4, T13, T15, T16, X7, EI4, EI6.
7- Aprender os procedementos básicos para a realización dun proxecto de xestión ou produción dentro dun marco social concreto.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T15, X3, X7, EI3, EI4, EI6.



4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1- Introducción.	1.1 A figura do produtor. 1.2 O produtor ao longo da historia. 1.3 Cara unha nova definición da produción.	3h.
2. As artes escénicas e audiovisuais: panorama xeral.	2.1 O actor e o resto das profesións e oficios do feito escénico: <i>características e funcións.</i> 2.2 O intérprete no audiovisual: o equipo técnico. Fases da produción audiovisual. O intérprete na rodaxe.	3h.
3. O actor como produtor e xestor.	3.1 Empresas e modelos. Configuración legal. 3.2 O proxecto de produción.	10h.
4. A lexislación do sector escénico e audiovisual.	4.1 Convenios, regulamentos e organizacións específicas do sector.	20h.
5. O sector escénico en Galicia.	5.1 Claves históricas para o desenvolvemento da profesión do intérprete en Galicia. 5.2 Panorama xeral: <i>as compañías, a rede de teatro e as subvencións. Os festivais.</i> 5.3 O Centro Dramático Galego: <i>historia, marco legal, estrutura e funcionamento.</i>	10h.
6. O sector audiovisual en Galicia.	6.1 Panorama xeral: historia do sector audiovisual galego. 6.2 As produtoras.	4h.
7. O mercado laboral: claves e estratexias.	7.1 Videobook. 7.2 Book fotográfico. 7.3 Redes sociais. 7.4 Currículo. 7.5 Páxina web. 7.6 Representantes e axencias. 7.7 O casting. 7.8 O contrato. Modelos.	10h.
<b>TOTAL SESIÓNS</b>		<b>60h.</b>

5. PLANIFICACION DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (60h.)	Non presencial (90h.)	Total (150h.)
Actividades introdutorias	--	--	--
Exposición maxistral	10h.	--	10h.
Exposición práctico-teórica	5h.	--	5h.
Práctica individual	20h.	40h.	60h.
Práctica colectiva	25h.	30h.	55h.
Obradoiro	--	--	--
Seminarios	--	--	--
Actividades complementarias	--	--	--
Outros	--	--	--
Titorías individuais	6h.	5h.	11h.
Titorías de grupo	3h.	--	3h.
Actividades de avaliación. Probas	3h.	--	3h.
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2h.	--	2h.
Actividades de avaliación. Revisión	1h.	--	1h.
TOTAL	60 horas	90 horas	150 horas
PORCENTAXE	40%	60%	100%

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE	
Actividades	Descrición
Actividades introdutorias.	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como para presentar a materia.
Sesión maxistral.	Exposición por parte do docente dos contidos fundamentais da disciplina.
Proba escrita.	<b>Análise persoal sobre o modelo de Maslow:</b> translación das preguntas de Maslow ás inqedanzas individuais do alumnado. <b>Test sobre os contidos do curso:</b> a partir do exposto na aula e o material entregado alumnado realizará un test de comprensión do mesmo.
Traballo práctico.	<b>Plan de produción:</b> deseño dun plan de produción a partir dunha proposta escénica elixida polo alumnado en base aos parámetros marcados polo docente. <b>Traballo específico sobre as diferentes ferramentas de promoción do intérprete</b> (a elixir unha das seguintes): <ul style="list-style-type: none"> <li>- <u>Videobook</u>: análise de diferentes videobooks para buscar claves, diferenzas e similitudes.</li> <li>- <u>Book fotográfico</u>: análise de diferentes books fotográficos para buscar claves, diferenzas e similitudes para traspasalas a unhas liñas xerais persoais.</li> <li>- <u>Redes sociais</u>: elaboración dunha estratexia individual virtual de automarketing.</li> <li>- <u>Páxina web</u>: análise de páxinas webs de actores e deseño virtual dos contidos dunha páxina web propia.</li> </ul>
Titorías individuais.	Entrevistas que o alumnado mantén co profesorado da disciplina para asesoramento/desenvolvemento das actividades e do proceso de aprendizaxe. Estas titorías individuais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.
Titorías grupais.	Entrevistas que cada grupo de traballo -dentro dos traballos prácticos- teñen co docente para ser supervisados dentro de cada proceso de forma específica. Estas titorías grupais poden ser solicitadas tanto polo alumnado coma polo docente.

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA	
Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado nas diferentes actividades avaiables.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas do alumnado.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN		
8.1 Avaliación ordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise persoal sobre o modelo de Maslow.	T13, T16, T17, X3	10%
Test sobre os contidos do curso.	T2, T17, X3, X7, E13, E16	30%
Elaboración dun plan de produción/negocio.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T15, X3, X7, E14, E16	50% dos cales: <i>60% traballo.</i> <i>30% presentación pública.</i> <i>10% avaliación posterior.</i>
Traballo específico sobre as diferentes ferramentas de promoción do intérprete.	T2, T3, T4, T13, T17, X3	10%
8.2. Avaliación extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Test sobre os contidos do curso.	T16, T17, X7, T16, T17, X7, X3, X7, T2, T3, T4, T13, T17, X3	30%
Traballos específicos sobre as diferentes ferramentas de promoción do actor.	T2, T3, T4, T13, T17, X3	10%
Deseño dun plan de produción (mínimo 50 páx. en Times New Roman 12 con interliñado 1.5) en base aos parámetros marcados polo docente.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T15, X3, X7, E13, E14, E16	60% dos cales: <i>70% plan de negocio.</i> <i>30% presentación pública</i>
8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Test sobre os contidos do curso.	T16, T17, X7, T16, T17, X7, X3, X7, T2, T3, T4, T13, T17, X3	30%
Traballos específicos sobre as diferentes ferramentas de promoción do actor.	T2, T3, T4, T13, T17, X3	10%
Deseño dun plan de produción (mínimo 50 páx. en Times New Roman 12 con interliñado 1.5) en base aos parámetros marcados polo docente.	T1, T2, T3, T4, T9, T10, T15, X3, X7, E13, E14, E16	60% dos cales: <i>70% plan de negocio.</i>

**9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS****Referencias básicas:**

- CIMARRO, Jesús (1997): *Guía de las artes escénicas*. Fundación autor.
- CONTRERAS, Jesús (1997) *Producción, gestión y distribución del teatro*. Madrid, Fundación autor.
- CUERDO, Miguel (2015): *Producir sin dolor*. Madrid, CDN.
- PÉREZ MARTÍN, Miguel Ángel (1996): *Técnicas de organización y gestión*. Ciudad Real, ed. Ñaque.
- PÉREZ MARTÍN, Miguel Ángel (2004): *Gestión de salas y espacios escénicos*, Ciudad Real, ed. Ñaque.
- PÉREZ MARTÍN, Miguel Ángel (2002): *Gestión de proyectos escénicos*, Ciudad Real, ed. Ñaque.
- SANJIAO F.J.(2007): *¡Todo o mundo a escena! A economía do teatro: unha ferramenta de xestión no sistema teatral galego*. Lugo, ed.Tristram SL
- VVAA (2001): *Galicia e a residencia teatral*. Vigo, Ed. Consello da cultura galega

**10. OBSERVACIÓNS**

O alumnado terá que firmar unha folla de firma á entrada das clases. Por cada hora de clase o/a alumno/a terá que asinar esta folla en relación ás horas de cada sesión. Dez minutos despois de cada hora de clase considerase falta a entrada dun alumno/a fora deste horario aínda que poderá acceder á clase. En caso de ter un 10% de faltas sen xustificar o/a alumno/a perderá a avaliación continua tendo que rexerse ós parámetros marcados na convocatoria de avaliación específica no prazo correspondente.

A entrada dun alumno/a dez minutos despois do inicio da clase considerarase falta.

As presentacións dos traballos terán que estar feitos baixo a normativa APA marcada polo centro. Nestes traballos valorarase porcentualmente o nivel de expresión, o gramatical e a coherencia.

Os traballos fora do prazo estipulado polo docente serán valorados como non entregados.

Para aprobar a disciplina o/a alumno/a terá que aprobar (5 ou máis) todas as actividades avaliadas. En caso de ter suspendida unha ou varias das actividades de avaliación e non ter perdida a avaliación continua, o alumnado poderá recuperar cada unha desas partes nas datas de avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria. De non superar as probas correspondentes, o/a alumno/a terá que presentarse con todas as actividades avaliadas na convocatoria extraordinaria.

No caso de que o/a alumno/a non estea conforme coa nota obtida na avaliación continua terá dereito a presentarse ó exame extraordinario sendo a nota que saque nesta proba a que se incluíra na acta, independentemente de si é inferior á adquirida na avaliación continua.

Está totalmente prohibido entrar na aula con comida ou bebida agás unha botella de auga.

**11. NECESIDADES DA MATERIA**

Para desenvolver correctamente as actividades que permitan acadar as competencias marcadas na guía docente é imprescindible que no espazo de traballo haxa unha mesa ampla de traballo, varios ordenadores con conexión a internet e un teléfono.